



A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA (continuación)

2. Que ningún dos concellos integrantes da asociación ou agrupación está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario dunha subvención das establecidas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, particularmente as referidas a estar ao día nas obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e de estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións.
3. Que a estimación directa (postos de traballo creados pola entidade solicitante) e indirecta (postos que como consecuencia da actuación se poidan crear) do número de empregos externos xerados é a seguinte:

ESTIMACIÓN DIRECTA		ESTIMACIÓN INDIRECTA	
Núm. contratos indefinidos:		Núm. contratos indefinidos:	
Núm. contratos temporais:		Núm. contratos temporais:	
Duración en meses:		Duración en meses:	

4. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
5. Que, de conformidade co exixido polo artigo 21.2.b) da orde, as declaracións orixinais emitidas polos concellos integrantes da asociación ou agrupación, con base nas cales se realiza esta declaración, están en poder do concello representante para a súa achega no procedemento de subvencións, no caso de ser requirido para iso polo órgano tramitador.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

DOCUMENTACIÓN XERAL

- Certificación dos acordos polos cales se solicita subvención (anexo VII).
- Certificado do/da secretario/a da entidade local representante da remisión das contas ao Consello de Contas de Galicia (anexo VII).
- Memoria xustificativa, asinada pola persoa representante da entidade solicitante co contido do artigo 21.2.d).
- Nomeamento do/da alcalde/sa representante (anexo VII).
- Compromiso de execución e aplicación solidaria da subvención (anexo VII).
- Convenio de colaboración cos requisitos e contido obrigatorio recollido no artigo 12.

SOLICITUDES PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO

- Certificación do/da secretario/a da entidade local representante sobre vinculación do gasto co servizo ou servizos de protección do ambiente e do espazo natural (anexo VII).
- Memoria dos servizos para os cales se solicita subvención, asinada pola persoa representante da entidade solicitante, co contido do artigo 21.3.a).

SOLICITUDES PARA OBRAS

- Certificación expedida polo/a secretario/a da entidade local representante, referida á plena disposición sobre os terreos e predios onde pretenden realizar as actuacións (anexo VII).
- Proxecto/s ou anteprojecto/s da/das obras que se vaian realizar, co contido mínimo indicado no artigo 21.3.b).

SOLICITUDES PARA EQUIPAMENTO

- Memoria explicativa dos equipamentos para os cales se solicita subvención, asinada pola persoa representante da entidade solicitante, co contido do artigo 21.3.c).

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza/Secretaría Xeral Técnica, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a administracionlocal@xunta.gal

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 21 de decembro de 2017 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2018, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de